

NÚMERO 11/18

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2018.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e sete de setembro de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelos, D^a María José García Freire, D. Ramón Rodríguez Ares, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D. Miguel Tenreiro Bouza, D^a María Pardo Fafián, D^a María del Carmen Pose Varela, D^a Isabel Reimúndez Suárez, D^a María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra e D. José Luís Tellado Villares, asistidos polo Secretario acctal. da Corporación, D. Juan Carlos Antelo Martínez. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Non asiste, escusando a súa ausencia, a concelleira D^a Raquel Bolaño Fariñas.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior (10/2018-P).-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión núm. 10/2018, de 30 de agosto de 2018.-

2º.- Cesión gratuíta do ben inmovible da extinta Cámara Agraria de Riovao.-

O Sr. Montouto expón os antecedentes do asunto a tratar, e, a continuación o Sr. Alcalde da voz a cada uns dos grupos presentes, dos cales só intervén a Sra. Pose do grupo Popular argumentando a motivación do posicionamento do seu grupo neste asunto que se concreta na negociación dun novo Convenio por parte do Concello coa Xunta de Galicia para conseguir unha nova cesión temporal.

Efectuada a votación, apróbase, por maioría con nove votos a favor (dos concelleiros dos grupos PDSP, BNG, PSOE e Sadamaioría) e sete abstencións (do grupo PP), o seguinte acordo:

1.- Instar á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia á cesión gratuíta do ben inmovible da extinta Cámara Agraria de Riovao ao Concello de Sada ao abeiro do disposto nos arts. 82 e seguintes da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, aos efectos do seu destino a equipamento dotacional público e contando cos medios necesarios para o cumprimento dos fins previstos.-

2.- Facultar ao Sr. Alcalde para que fagan as xestións necesarias para executar o presente acordo.-

3º.- Modificación de crédito 28/18. Crédito extraordinario 03/18: Demolición edificio O Náutico.-

O Sr. Montouto, Concelleiro de Urbanismo e emprego, expón os antecedentes e a proposta da alcaldía do asunto a tratar e, a continuación, o Sr. Alcalde da voz a cada un dos grupos presentes, intervindo, nesta orde: a Sra. Reimúndez polo grupo BNG, o Sr. Gómez polo grupo PDSP, a Sra. Pardo polo grupo PSOE, o Sr. Montouto por Sadamaioría e o Sr. Anido polo grupo Popular. Cada un deles informa e argumenta acerca do posicionamento do seu grupo neste asunto. As voceiras do BNG e PSOE e o voceiro do PP, dende distintos plantexamentos, coinciden en que poden haber outras posibilidades antes da demolición total do edificio e que gustaríalles que fosen estudadas a través de novos informes dos servizos técnicos do Concello e do Secretario da Corporación solicitando que o expediente quede sobre a mesa mentres non se emitan ditos informes.

Continúa o debate coa intervención da Sra. Reimúndez, o Sr. Gómez e a Sra. Pardo, que volven a defender os seus argumentos.

O Sr. Alcalde consulta a o Sr. Antelo, Secretario Accidental do Concello se a proposta de Alcaldía é axustada a dereito, indicando este que a proposta é un expediente de modificación de crédito informada favorablemente polo Sr. Interventor, e, a continuación o Sr. Alcalde preguntalle a o Sr. Interventor se o expediente está completo, indicando este que en relación coa modificación de crédito o expediente está completo e axustado á legalidade.

Interveñen finalmente o Sr. Montouto e o Sr. Anido que volven a reiterar as súas liñas argumentais e o Sr. Alcalde quen defende a proposta por el asinada do derribo total do edificio en execución de sentenza e recrimina a actitude de quen intentan eludir ou retrasar a mesma, afirmando que o importante agora sería discutir que se vai facer despois da demolición no terreo baleiro do edificio O Náutico, que deberán decidir os cidadáns.

A petición de deixar o expediente sobre a mesa solicitado polo PP, PSOE e BNG, en aplicación do disposto no artigo 92 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, sométese a votación tras terminar o debate e antes de proceder á votación sobre o fondo do asunto, co resultado de dez votos a favor (dos concelleiros dos grupos PP, PSOE e BNG) e seis votos en contra (dos concelleiros dos grupos Sadamaioría e PDSP), polo que o asunto queda sobre a mesa.

Control de Órganos de Gobierno:

4º.- Informes e comunicacións.-

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 27-8-2018 a 21-9-2018.-

5º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

5.1º.-Moción para a emisión de informes técnico e xurídico sobre a proposta descrita para a restitución da legalidade do antigo Náutico.-

O sr. Anido, voceiro do grupo PP, defende a urxencia da moción que, efectuada a votación, resulta desestimada por sete votos (dos concelleiros do grupo Popular) a favor e nove en contra (dos concelleiros dos grupos Sadamaioría, PSOE, BNG e PDSP).-

5.2º.-Moción para instar ao goberno do Estado a que exerza inmediatamente a vía xudicial para recuperar o Pazo de Meirás .-

O sr. Montouto, do grupo Sadamaioría, defende a urxencia da moción que, efectuada a votación, resulta desestimada por seis votos a favor (dos concelleiros dos grupos Sadamaioría e BNG) e dez en contra (dos concelleiros dos grupos PSOE, PP e PDSP).-

6º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez formula un rogo e unha pregunta:

1) Roga que se inicie un expediente de lesividade pola compra da cafetería o Náutico por ser lesiva para as arcas municipais.

2) Despois de ler o punto 2 do código ético de Sadamaioría, preguntalle ó sr. Alcalde se, no caso de que algún concelleiro do seu goberno fose imputado por prevaricación, cumpriría o código ético citado.

Responde o sr. Alcalde que só no caso dos concelleiros de Sadamaioría.

O sr. Anido fai un rogo:

1) Pídelle ao o sr. Alcalde que non consinta que, sexa o membro da corporación que sexa, faga acoso e derribo aos presentes.

A sra. Salorio fai unha pregunta e dous rogos:

1) Indica que aínda hai banderolas da feira modernista sen retirar e pregunta se a empresa contratada para a decoración do evento non ten que retirar o material ó finalizar.

2) Roga que de orden a quen corresponda de que retire o material da feira modernista da rúa.

Responde a sra. Pardo, indicando que, efectivamente se detectou que permanecían as dúas banderolas haberá como 15 días, e que se deu orde á empresa que fixo a decoración para que as retirara.

3) Roga ó sr. Alcalde que tome as medidas oportunas para dar a orden de limpar o río Maior antes de que empecen as chuvias e os veciños teñan que sufrir as consecuencias.

O sr. Alcalde responde que, como xa saben, o problema non está aí, se non mais adiante, no recheo e na perda da hidrodinámica que se fixo, e engade que este goberno foi o que mais fixo por subsanar ese problema, o que da pé a un debate co sr. Anido.

O sr. López Mallo fai unha pregunta e un rogo:

1) Pregunta se existe autorización para a realización do último expurgo na biblioteca municipal de Sada.

Responde a sra. Pardo que foi realizado pola bibliotecaria, licenciada en biblioteconomía, respectando en todo momento a lexislación vixente a incluso facendo consultas a instancias superiores.

2) Roga ter acceso a todo ese proceso de solicitude de autorización para a realización do expurgo, e indica que vai presentar unha solicitude por rexistro.

A sra. Freire fai un rogo:

1) Píde que se retire un contenedor que hai na casa de cultura con escombros da última obra feita.

Responde a sra. Pardo que, precisamente vaise retirar ó día seguinte.

O sr. Tellado fai dúas preguntas:

1) Pregunta porque se lles esixe un gasto aos propietarios de vivendas no ámbito das obras de reurbanización das rúas Abegondo, Cambre e Culleredo, requiríndolles a adecuación, á súa costa, das instalacións interiores de abastecemento e saneamento, motivado pola posición exterior de dous puntos de acometida.

Responde o sr. Alcalde que o soliciten por escrito e se lles contestará.

2) Pregunta los motivos polos que se precintou a tirolina.

Responde a sra. Pardo, que o sábado funcionou a tirolina co visto bo da empresa de prevención de riscos, pero o domingo se viron unhas deficiencias e sobre todo, non había persoal suficiente. Encargouse un informe técnico a maiores, e decidiuse o precinto.

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e dous horas e un minuto do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario acctal., dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html